



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 22 de marzo de 2021 (985/1102)**

**ASISTENTES:**

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez (online)  
D. Carlos López Font (online)  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira (online)  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e trinta e cinco minutos do día vinte e dous de marzo de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do segundo tenente de alcalde (RA 18/03/2021) por ausencia do Excmo. Sr. Alcalde, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. Losada Álvarez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamé presente por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(214).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**2(215).- NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E MATRÍCULA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS PARA O CURSO 2021-2022. EXPTE. 24972/332.**

Dáse conta do informe-proposta de data 22/03/2021 asinado pola xefa do Servizo de Educación e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

O Concello de Vigo, a través do seu Servizo de Educación, xestiona actualmente, mediante os correspondentes contratos administrativos de xestión, oito Escolas Infantís do primeiro nivel 0-3 anos (Costeira-Saiáns, Casiano Martínez-Bouzas, Tomás Alonso, Santa Marta-Casco Vello, Atalaia-Teis, Santa Cristina-Lavadores, Mestres Goldar-Castrelos e Navia), ao abeiro da posibilidade contemplada no seu día polo artigo 15 da Lei Orgánica de Educación-LOE, estando prevista a posta en marcha, este vindeiro curso 2021-2022, dunha nova EIM, en Bembrive.

A Xunta de Goberno Local nas súas sesións do 6 e do 9 de marzo de 2020 acordou aprobar as *Normas para a adxudicación de prazas nas escolas infantís municipais (0-3 anos) para o curso 2020-2021 (Expte 24176/332)*. Este Servizo de Educación Municipal anualmente vén acolléndose ás distintas convocatorias de subvención da Xunta de Galicia que concretan a definición de axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes das corporacións locais. Unha das obrigas específicas que deben ter en conta estes equipamentos infantís é a obrigatoriedade tal como é o caso da Rede de EIM, de igualar a puntuación das solicitudes de novo ingreso ao baremo de criterios preferentes que propón a administración competente, ao abeiro da Orde anual pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Política Social. De conformidade con esto, o Servizo Municipal de Educación, está na obriga de publicar, con carácter anual, unha Norma que ordene e regule o proceso para a adxudicación de prazas e matriculación nas escolas infantís municipais.

O procedemento básico da convocatoria non difire significativamente da realizada o curso anterior, en canto a prazos e mecanismos de solicitude e seguimento do proceso (agás a prevista inclusión da Carpeta cidadá nos procedementos aceptados para a tramitación electrónica da solicitude), pero si na oferta municipal de prazas nas escolas infantís municipais. Seguindo instrucións da concellería delegada e da xefatura do servizo, inclúense na proposta de convocatoria do curso 2021-2022 na Rede de Escolas Infantís Municipais que acompaña a este informe, as seguintes modificacións:

- EIM Bembrive: esta nova EIM Bembrive, construída froito do convenio de colaboración entre o Concello e a Fundación Amancio Ortega, conta con dúas liñas para a etapa 0-3 (dúas aulas 0-1, dúas aulas 1-2 e dúas aulas 2-3, conformándose na primeira EIM do Concello de Vigo con esta oferta), capacidade para 82 nenos/as en presenza simultánea e que funcionará en quenda Continua.

- EIM Santa Marta-Casco Vello: A EIM Santa Marta-Casco Vello só oferta para o curso 2021-2022 prazas de novo ingreso para a aula de 0-1; as aulas 1-2 e 2-3 só terán renovación de praza para o alumnado matriculado no curso 2020-2021. Esta escola trasladarase durante o curso escolar ás novas instalacións que se están a preparar no IME (Instituto Municipal de Educación), na Praza da Industria, unha vez rematadas as obras de acondicionamento e obtidas as correspondentes autorizacións por parte da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

No caso de sufrir algún retraso no traslado ás novas instalacións na Praza da Industria o alumnado afectado podería ser temporalmente reubicado noutro centro da Rede de Escolas



## Concello de Vigo

Infantís Municipais (REIM). A estes efectos reservaranse provisionalmente prazas dentro da REIM.

A intervención Xeral en informe de 28/02/2020 emitido no expediente 24.176-332 sobre as "Normas para a adxudicación de prazas e matrículas nas escolas infantís municipais 0-3 (EIM) para o curso 2020-2021" sinala que "*Como queira que o expediente remitido a esta Intervención non supón a aprobación ou autorización de gastos, o citado expediente e o acordo nel proxectado non se atopan sometidos a fiscalización previa*", indicando que no sucesivo os expedientes que non sexan susceptibles de producir obrigas de contido económico non sexan remitidos á intervención xeral municipal para a súa fiscalización previa a fin de evitar atrasos ou dilacións innecesarias na súa tramitación.

As competencias municipais en materia de educación son as recollidas no artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases del Réximen Local (LRBRL), conforme a redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que establece como competencia propia:

*"n) Participar en la vigilancia del cumplimiento de la escolaridad obligatoria y cooperar con las Administraciones educativas correspondientes en la obtención de los solares necesarios para la construcción de nuevos centros docentes. La conservación, mantenimiento y vigilancia de los edificios de titularidad local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria o de educación especial."*

A Lei 5/1997, de 22 de xulio, de Administración Local de Galicia, regula como competencias propias no apartado 2 do artigo 80:

*"ñ) A participación na programación da educación e a cooperación coa Administración educativa na creación, construción e mantemento dos centros docentes públicos, a intervención nos órganos de xestión dos centros docentes e a participación na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria.*

*o) A execución de programas propios destinados á infancia, xuventude, muller e terceira idade."*

Se ben as competencias das corporacións locais en materia de educación son as sinaladas no referido artigo 25.2 n) da lei 7/85, e 80.2 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, compre citar a disposición adicional cuarta da Lei do Parlamento de Galicia 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, relativa á asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais, de acordo coa cal: «1. As competencias que debe asumir a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, saúde e servizos sociais en cumprimento das disposicións da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán sendo prestadas polos municipios en tanto non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómica e das facendas locais previsto na mesma».

En consecuencia e unha vez incorporado o proxecto de Normas para o curso 2021-2022 que se achega no expediente elevase á Xunta de Goberno Local a seguinte

### PROPOSTA DE ACORDO

1. Aprobar as Normas para a adxudicación de prazas e matrícula nas Escolas infantís municipais 0-3 (EIM) para o curso 2021-2022, conforme ao texto que se xunta a esta proposta de acordo.

2. Facultar ao Concelleiro de Educación para que realice a convocatoria de presentación de solicitudes para as Escolas Infantís Municipais para o curso 2021-2022 de acordo co calendario previsto nas Normas citadas, así como a resolución das solicitudes e aprobación dos listados provisionais e definitivos e lista de agarda.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E MATRÍCULA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS 0-3 (EIM) PARA O CURSO 2021-2022

#### **PRIMEIRA.- Obxecto**

Estas Normas teñen por obxecto convocar e regular o procedemento de adxudicación de prazas e matrícula na **Rede de Escolas Infantís Municipais 0-3 (REIM)** dependente do Servizo de Educación do Concello de Vigo para o curso 2021/2022 e establecer o calendario do procedemento.

Conforman actualmente a REIM as seguintes escolas infantís municipais: Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis, Santa Marta-Casco Vello, Bembrive, Costeira-Saiáns, Bouzas, Tomás Alonso, Mestres Goldar-Castrellos e Navia. No Anexo 1 destas Normas esquematízase a oferta da REIM para o curso 2021-2022.

#### **SEGUNDA.- Requisitos para ser adxudicatario**

Serán requisitos imprescindibles para ser adxudicatarios de prazas nas EIM:

1. Que o/a neno/a estea empadronado en Vigo.
2. Idade do/a neno/a
  - Ter unha idade mínima de tres meses na data de ingreso na escola na que obtéña praza
  - Non ter cumpridos 3 anos o 31 de decembro de 2021

Este prazo poderase ampliar un ano máis para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, logo da emisión do ditame do equipo de orientación específica da xefatura territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, por petición das/dos nais/pais, ou titores/as legais a través da escola onde renoven a praza, quen proporcionará á familia a información e orientación necesarias sobre o procedemento a seguir nestes casos.
3. Para a reserva de praza é requisito imprescindible estar ao día no pagamento das cotas mensuais na data de presentación da solicitude.
4. No caso de integrarse nenas/os con necesidades específicas de apoio educativo, en ningún caso poderá haber máis dunha nena ou dun neno con estas necesidades por aula. Para efectos de ratio, estas prazas contabilizaranse como dúas.

#### **TERCEIRA.- Criterios de prioridade para a adxudicación de prazas**

As prazas adxudicaránse por esta orde:

##### A) Reserva de praza

Teñen preferencia á renovación automática da praza os/as nenos/as escolarizados/as no curso 2020/2021, sempre que reúnan os requisitos establecidos nestas Normas e se convoquen prazas para a quenda que solicita.



## Concello de Vigo

Poderán reservar praza noutra escola da REIM as familias que xustifiquen un cambio de domicilio, cando existan prazas suficientes, logo de rematado o proceso de renovación de praza do alumnado da propia escola.

Excepcionalmente para o curso 2021/2022 o alumnado matriculado no curso 2020/2021 na EIM Santa Marta poderá reservar praza, na mesma quenda, noutra escola da REIM, cando existan prazas suficientes, logo de rematado o proceso de renovación de praza do alumnado da propia escola que solicita.

### B) Novo ingreso

Pódese solicitar praza en calquera das escolas da REIM de Vigo, agás na EIM Santa Marta, que ofertará prazas de novo ingreso só para a aula 0-1. Os/As solicitantes deberán, se é o caso, marcar por orde de preferencia dúas opcións como máximo. No caso de marcar máis dunha escola, só poderá facerse na mesma quenda, tendo en conta que a quenda de Mañá e a Continua, son, a estes efectos, a mesma.

As solicitudes seguirán a seguinte orde de adxudicación:

1. Os/as fillos/as do persoal da REIM, cando soliciten a praza no centro onde presta servizo a/o nai, pai, titora ou titor legal.
2. Os/as irmáns/ás de alumno/a con praza, renovada ou de novo ingreso na EIM para a que solicitan praza.

As prazas que queden vacantes adxudicaranse aos/ás solicitantes segundo a puntuación obtida por aplicación do baremo que figura no Anexo 3 destas Normas. Esta puntuación determinará a orde de prelación na adxudicación das prazas para calquera das opcións solicitadas, así como para a lista de espera resultante.

### C) Prazo extraordinario

Unha vez rematado o prazo de matrícula e asignadas as vacantes, o período de solicitude permanecerá aberto, de xeito *extraordinario* e con carácter xeral, a partir do mes de setembro de 2021 e ata o mes de xaneiro de 2022, no caso de existiren prazas dispoñibles na aula e na escola onde se solicita a praza.

## CUARTA.- Horario e calendario das EIM

### 1. Horario

O período de apertura das Escolas será de once meses ao ano (de setembro a xullo, ámbolos dous, inclusive).

Dentro do horario de apertura do centro as persoas solicitantes terán que optar, dependendo das quendas que oferte cada escola, que se reflicten no Anexo 1 destas Normas.

Dentro deste horario de funcionamento, fíxase unha permanencia das cativas e cativos na escola de un mínimo de 4 horas e un máximo de 8 horas.

As quendas de Mañá e Continua inclúen o servizo de comedor e a quenda de Tarde o servizo de merenda.

#### ➤ **Horarios especiais**

- ◆ En circunstancias excepcionais, debidamente acreditadas, o horario poderase ampliar ou reducir, trala correspondente solicitude e valoración técnica das circunstancias das e dos menores (realizada polo centro en base aos seus criterios organizativos de funcionamento), mediante Resolución do concelleiro de Educación do Concello de Vigo.
- ◆ Con motivo de desenvolver as sesións de traballo trimestrais do equipo educativo das escolas para a preparación da programación, os centros con quenda de Tarde pecharán ás 19:00 h, os días que propoña cada escola á aprobación do Consello Escolar.
- ◆ O día 5 de xaneiro as escolas pecharán ás 16:00 h.

### 2. Calendario

Os centros permanecerán abertos de luns a venres, excluídos os días considerados festivos no calendario laboral e as festas laborais de carácter local, así como o Día do Ensino e os días 24 e 31 de decembro.

O curso escolar comezará o día 6 de setembro de 2021

O alumnado poderá asistir ao centro un máximo de 11 meses dentro do período comprendido entre o 6 de setembro de 2021 e o 30 de xullo de 2022.

#### QUINTA.- Prestacións

A matriculación e tarifas inclúen en todos os casos os seguros obrigatorios, horario amplo, servizo de comedor e de orientación.

#### SEXTA.- Prezos

- Os prezos que deberán pagar os/as usuarias/os son os establecidos na Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo das Escolas de primeira etapa de Educación Infantil (Ordenanza nº 23, ano 2021), coas exencións e bonificacións nela contidas.

Estarán obrigados ao pagamento das cantidades que se establecen como taxas, as/os nais, pais, titores, titoras ou representantes legais dos nenos e nenas en situación de altas nas escolas infantís municipais.

Para o curso 2021-2022 son as seguintes:

Renda per cápita mensual	Quendas Mañá e Continua		Quenda Tarde	
	Matricula	Mensualidades	Matricula	Mensualidades
Ata 347,17 €	Exento/a	Exento/a	Exento/a	Exento/a
Ata 543,25 € familias numerosas	Exento/a	Exento/a	Exento/a	Exento/a
Entre 347,18 e 400,00 €	50,85 €	50,85 €	33,05 €	33,05 €
Entre 400,01 e 472,00 €	76,25 €	76,25 €	49,56 €	49,56 €
Entre 472,01 e 547,00 €	101,70 €	101,70 €	66,10 €	66,10 €
Mayor de 547,00 €	127,10 €	127,10 €	82,61 €	82,61 €

- Para o cálculo da taxa tomarase como base a declaración do IRPF correspondente ao ano 2019. Non obstante, cando as circunstancias concorrentes nesa declaración de IRPF non coincidan coas circunstancias do momento da presentación da solicitude de praza na escola infantil, teranse en conta estas últimas (sempre que así se solicite pola persoa interesada), tanto para o cálculo da renda per cápita como para a aplicación do baremo e dos distintos descontos. Estas circunstancias deberán xustificarse documentalmente no momento de presentación da solicitude.
- A inasistencia da/o usuaria/o á escola infantil durante un período determinado, non supón redución ningunha nin exención do pagamento do prezo establecido agás as seguintes excepcións:
  - Cando a/o nena/o por motivos de saúde ou por razóns debidamente xustificadas, deixe de asistir ao centro temporalmente, estarán exentos de aboar a cota mensual desde o primeiro día do mes natural seguinte á data de inasistencia e durará ata o primeiro día do mes natural en que teña lugar a reincorporación ao centro. Para estes casos, o dereito á exención do pagamento prodúcese só cando a inasistencia sexa



## Concello de Vigo

- de 15 días ou máis e sexa acreditada documentalmente a circunstancia que a motiva, e que deberá presentar á dirección da escola.
- b) Nos supostos das solicitudes formuladas fóra de prazo previstos nesta Norma, o aboamento do prezo será dende o mes no que se lle concede a praza. Se a incorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao dito mes reducirase nun 50%.
  - c) No suposto de familias que non teñan previsto a asistencia dos seus fillos/as durante o mes de xullo, deberán comunicalo á dirección da correspondente escola infantil municipal con anterioridade ao día 25 de xuño. Neste caso, deixarase de emitir a estas familias o recibo do mes de xullo, ben na súa totalidade, ben na metade do seu importe, dependendo do período previsto de inasistencia.
  - d) As familias que teñan previsto a baixa da praza, deberán comunicalo á dirección do centro antes do día 25 do mes que corresponda, para proceder á anulación do recibo.
4. Ao longo do curso poderase proceder á revisión do prezo fixado inicialmente cando concorran e se xustifiquen algún dos seguintes casos:
- a) A modificación nos ingresos dalgún membro da unidade familiar en máis do 20% do cómputo anual respecto aos declarados na solicitude de praza ou variación posterior. Estas variacións deberán ter, cando menos, unha duración de 6 meses para ser tidas en conta, xustificándose coa declaración do IRPF, certificado emitido pola Axencia Tributaria, nóminas ou certificado do INEM que acredite se é beneficiario/a de prestación de desemprego.
  - b) A variación no número de membros da unidade familiar.

### SÉTIMA.- Renda per capita mensual

1. Para a determinación do importe da renda per cápita da unidade familiar computarase o seguinte:
  - a) O importe dos ingresos totais das rendas do exercicio anterior de cada un dos membros da unidade familiar, que será o resultado da suma da base imponible xeral coa base imponible do aforro, segundo o criterio establecido na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF). Para o cálculo desta cota tomarase a declaración do IRPF correspondente ao ano 2019.
  - b) O importe anterior dividirase polo número de membros da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase en 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.
  - c) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior entre doce.
2. Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente, ou análoga relación de afectividade, e:
  - as/os fillas/os menores, con excepción de quen, con consentimento das/s nais, pais, vivan independentes destas/es.
  - as/os fillas/os maiores de dezoito anos cun grao de discapacidade superior ao 33% ou con incapacitación xudicial, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
3. Entenderase por familia monoparental cando forme parte dela unha única persoa proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e as/os fillas/os menores ao seu cargo, sempre que a outra proxenitora non contribúa economicamente ao seu sostento.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo a situación existente no período de solicitude de praza.

### OITAVA.- Solicitudes, documentación e prazo de presentación

## A) SOLICITUDES

### 1.- Solicitudes de renovación

O alumnado que xa estivese matriculado nas escolas o curso anterior, cumpra os requisitos de idade especificados na Norma Segunda, puntos 2 e 3 e na Norma Terceira A), manterá o seu dereito á praza para o curso 2021-2022.

As solicitudes presentaranse na propia escola utilizando o Formulario de Renovación de Praza, dispoñible na páxina web [www.escolasvigo.org/reim](http://www.escolasvigo.org/reim).

As familias dos/as nenos/as con necesidades específicas de apoio educativo escolarizados/as durante o curso 2020/2021 que tivesen cumprido os tres anos a 31 de decembro de 2020, poderán solicitar a súa permanencia na escola durante un curso máis, para o que deberán presentar a solicitude de renovación xunto co informe de valoración da dirección da escola sobre a súa evolución e os informes dos/as profesionais que leven o seguimento do/a neno/a.

### 2.- Solicitudes de novo ingreso

As/os interesadas/os deberán cubrir o Formulario de Solicitud de Praza, dispoñible na páxina web [www.escolasvigo.org/reim](http://www.escolasvigo.org/reim).

#### Presentación das solicitudes :

##### a) Solicitud telemática – Sede electrónica

Unha vez cuberto o Formulario de Solicitud de Praza na web [www.escolasvigo.org/reim](http://www.escolasvigo.org/reim), seguindo as instrucións que se indican, accédese ao procedemento "Solicitud de praza nas escolas infantís municipais", na sede electrónica do Concello de Vigo ([www.vigo.org/solicitud-eim](http://www.vigo.org/solicitud-eim)), onde haberá que incorporar o arquivo resultante do proceso anterior (Formulario de Solicitud de Praza) e pulsar tramitar; poderase descargar entón o xustificante do Rexistro.

b) Solicitud presencial – Rexistro Xeral. Unha vez cuberto o Formulario de Solicitud de Praza seguindo as instrucións que se indican na web [www.escolasvigo.org/reim](http://www.escolasvigo.org/reim), deberase imprimir o documento resultante e, xunto coa documentación requirida, presentalo no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (previa solicitude de cita), ou en calquera dos lugares establecidos no art. 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Con carácter extraordinario, permitirase solicitar praza para nenos/as non nados, cuxo nacemento estea previsto para antes do **5 de xuño de 2021** data tope de nacemento para a súa posible admisión, e sempre que presenten a solicitude de praza dentro dos prazos previstos nesta Norma.

## B) DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

A documentación que en cada caso corresponda presentar, poderase achegar electronicamente (mediante o seu escaneado) no lugar indicado no Formulario de Solicitud ou ben presentar fisicamente en papel á hora de realizar a solicitude presencial.

### 1. Alumnado procedente do curso 2020-2021:

Presentarán documentación só no caso de que teñan que acreditar cambios na situación socio-económica da unidade familiar

### 2. Alumnado de novo ingreso:

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (formulario oficial de solicitude), a seguinte documentación:





## Concello de Vigo

- a) Fotocopia do Documento nacional de identidade (DNI) ou outro documento acreditativo da identidade da nai e do pai, ou dos representantes legais, segundo proceda.
- b) Fotocopia do libro de familia completo ou, no seu defecto, outro documento que acredite oficialmente a situación familiar.
- c) Vida laboral actualizada da nai e do pai ou representantes legais.

### SITUACIÓN LABORAL

Só para familias que necesiten xustificar situacións laborais diferentes ou recentes:

No caso de persoas traballadoras, por conta allea, en situación de alta recente:

- Copia das dúas últimas nóminas

No caso de persoas desempregadas, deberán presentar:

- Certificación do INEM que acredite se é beneficiario/a ou non da prestación de desemprego.

No caso de solicitantes que perciban Risga

- Certificación acreditativa

Naqueles casos nos que, por distintas razóns, non se poidan acreditar as rendas das/os nais/pais por falta de acreditación documental, será preciso un informe dos Servizos sociais.

### SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR:

Só para as familias que necesiten xustificar incidencias familiares, económicas e sociais puntuables no baremo:

Acreditación da condición de familia numerosa:

- Fotocopia do Título de familia numerosa.

Acreditación da condición de familia monoparental:

- Sentenza de separación ou divorcio, convenio regulador ou resolución xudicial de medidas paterno-filiais.
- Certificado administrativo de monoparentalidade expedido pola Comunidade Autónoma

Acreditación da condición de minusvalía:

- Certificado do recoñecemento do grao de discapacidade e/ou dependencia da/do nai, pai, titora ou titor legal e/ou outros membros da unidade familiar.
- Grado de discapacidade e/ou dependencia do/da neno/a para quen se solicita praza.

A falta de presentación dalgún destes documentos dentro do prazo de solicitude establecido, suporá a renuncia implícita á súa valoración no epígrafe "situación socio-familiar" do baremo que se recolle o Anexo 3.

### PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes establécese do **22 de marzo ao 9 de abril de 2021**.

### NOVENA.- Tramitación

1. O Concello de Vigo procederá á consulta e verificación telemática dos datos fiscais da Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) da persoa solicitante e do seu cónxuge ou parella, correspondentes ao ano 2019, agás oposición expresa do interesado, que reflectirá no apartado correspondente no Formulario de Solicitude; neste caso, deberán chegar copia da última Declaración da Renda de todos os membros da unidade familiar.

Asimesmo, para a tramitación deste procedemento, consultarase automaticamente os datos incluídos no Padrón Municipal.

No suposto de non poder obter os datos do órgano competente poderase requerir á persoa interesada a súa presentación.

2. O Servizo de Educación do Concello de Vigo comprobará que as solicitudes reúnen os requisitos recollidos nesta Norma. De non ser así, requerirase a/o interesada/o para que, nun prazo de dez días naturais, achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixese así, se terá por desistido da súa petición.  
O Servizo Municipal de Educación poderá reclamar en calquera momento todos aqueles datos, e a súa debida acreditación documental, que considere precisos para unha mellor e máis eficaz realización do seu cometido.
3. A páxina web das escolas ([www.escolasvigo.org/reim](http://www.escolasvigo.org/reim)) permite incorporar a documentación complementaria ou requerida polo Servizo de Educación.
4. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos presentados. O Concello de Vigo poderá requerir a exhibición do documento orixinal para o seu cotexo.
5. No caso de familias de nenos e nenas con necesidades específicas que solicite ampliación do prazo de escolarización, será a propia escola quen remitirá a solicitude xunto co resto da documentación á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o seu traslado ao equipo de orientación específico, que emitirá o correspondente ditame de escolarización.

#### **DÉCIMA.- Avaliación das solicitudes**

1. A selección das solicitudes efectuarase en función da puntuación acadada segundo o baremo establecido no Anexo 3 destas Normas, mediante o que se avaliarán os factores socioeconómicos, familiares e laborais da unidade familiar. No caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade á renda per capita máis baixa.
2. Aplicaráselles a todas as solicitudes recibidas un procedemento de valoración. Con tal fin constituirase unha comisión de baremación e selección coa seguinte composición para cada Escola Infantil Municipal:
  - Presidencia: A xefa do Servizo Municipal de Educación ou persoa en quen delegue.
  - Vogais: o/a director/a do centro, de ser o caso, o/a representante das/os nais/pais das/os nenas/os no Consello Escolar do Centro do que se estean a baremar as solicitudes, de ser o caso, e un funcionario/a do Servizo Municipal de Educación, que actúa de secretario/a, nomeado polo concelleiro de Educación.

Os acordos tomaranse por maioría simple, e resolverá, en caso de empate, a presidencia.

3. Unha vez baremadas as solicitudes, a comisión elevará a proposta de selección ao concelleiro de Educación que resolverá a lista provisoria de admitidos/as.

#### **LISTAS PROVISIONAIS**

A relación provisional de admisións e lista de agarda, coas puntuacións obtidas farase pública na páxina web [www.escolasvigo.org/reim](http://www.escolasvigo.org/reim) e nas respectivas Escolas Infantís Municipais (agás EIM Bembrive), o **día 9 de xuño de 2021**.

#### **UNDÉCIMA.- Reclamacións**

As/os solicitantes poderán efectuar as reclamacións que consideren oportunas no prazo de **seis (6) días naturais** posteriores á data da exposición pública da relación provisional.

Estas reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva.



## Concello de Vigo

### **DUODÉCIMA.- Resolución**

Unha vez comprobadas as reclamacións presentadas contra a relación provisional, correspóndelle ao concelleiro de Educación a aprobación da relación definitiva de admitidas/os e a lista de agarda coa puntuación obtida, así como a cota mensual que corresponda aboar en cada caso. Desta Resolución dará conta á Xunta de Goberno Local seguinte.

### **LISTAS DEFINITIVAS**

A relación definitiva de admisións e lista de agarda, coas puntuacións obtidas farase pública na páxina web [www.escolasvigo.org/reim](http://www.escolasvigo.org/reim) e nas respectivas Escolas Infantís Municipais (agás EIM Bembrive), o **día 21 de xuño de 2021**.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- Matrícula**

1. As familias de nenas/os admitidas/os formalizarán a reserva de praza na escola onde obtivesen a praza, agás os/as admitidos/as na EIM Bembrive que o farán no Servizo de Educación do Concello de Vigo (Andar 11 do edificio municipal), presentando o Impreso de aceptación de praza (Anexo 2, ou Anexo 2 bis na EIM Santa Marta) debidamente cuberto, así como, de ser o caso, copia do pagamento da matrícula correspondente; en caso contrario perderán automaticamente o dereito á praza.
2. A formalización da matrícula no prazo sinalado é imprescindible para confirmar a praza. Se non se realiza a matrícula da/o nena/o no prazo sinalado, considérase decaída/o na súa solicitude.
3. Con carácter xeral, o prazo máximo para resolver o procedemento previsto nesta convocatoria será de 6 meses, contados a partir do día seguinte ao da aprobación destas Normas. Transcorrido o dito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes teranse por desestimadas.

### **Pago da matrícula**

Para formalizar, de ser o caso, o pago da matrícula deberase proceder á liquidación da taxa correspondente, seguindo as instrucións que indica o procedemento "Pago de matrícula" na páxina web [www.escolasvigo.org/reim](http://www.escolasvigo.org/reim).

Nos supostos dos/as admitidos/as dentro do prazo extraordinario, o pagamento de matrícula, de ser o caso, se lle xirará xunto a primeira mensuralidade que lle corresponda.

### **PRAZO PARA A FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA**

O prazo para formalizar a matrícula comprenderá dende o **23 ata o 30 de xuño de 2021**.

### **DÉCIMO CUARTA.- Lista de agarda**

1. A lista de agarda estará constituída polas/os solicitantes que non obteñen praza en ningunha das escolas solicitadas, ordenadas/os segundo a puntuación acadada no baremo de admisión.
2. As vacantes que se vaian producindo ao longo do curso en calquera das Escolas Infantís, serán cubertas por rigorosa orde de puntuación entre as/os solicitantes en lista de agarda.

3. As/os solicitantes que obteñan praza e renuncien a esta, quedarán excluídos tamén da outra opción solicitada
4. As familias en lista de agarda terán preferencia sobre as que se presenten fóra de prazo, referido no punto C da Norma 3ª.

#### **DÉCIMO QUINTA.- Publicidade**

A relación provisoria de admitidas/os, lista de agarda e lista definitiva, coa puntuación obtida, publicárase na páxina web [www.escolasvigo.org/reim](http://www.escolasvigo.org/reim) e nas respectivas Escolas Infantís Municipais.

#### **DÉCIMO SEXTA.- Baixas**

1. Causarase baixa nas escolas infantís por algunha das circunstancias seguintes:
  - a) Polo cumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia no centro.
  - b) Pola solicitude das/os nais/pais ou representantes legais.
  - c) Polo non pagamento do prezo establecido durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar a que se refire a débeda, sen prexuízo da reclamación da débeda polo procedemento regulamentariamente establecido.
  - d) Pola comprobación de falsidade nos documentos ou datos achegados.
  - e) Pola incompatibilidade ou inadaptación manifesta para permanecer no centro.
  - f) Pola falta de asistencia continuada durante un mes sen causa xustificada.
  - g) Polo reiterado incumprimento da puntualidade na asistencia e/ou recollida do/da menor sen causa xustificada.
  - h) Polo incumprimento reiterado da normativa reguladora da Rede de Escolas Infantís Municipais do Concello de Vigo (as presentes Normas e os correspondentes Regulamentos de Réxime Interno das escolas).
2. Cando se produza unha falta de asistencia prolongada, deberá presentarse, con periodicidade mensual, a documentación acreditativa da causa que a produce. O incumprimento desta obriga será causa de baixa.
3. As baixas motivadas polo establecido nas líñas c), e), f), g) e h), resolveráas o concelleiro delegado da Área de Educación tralo informe da dirección do centro onde esté a/o nena/o matriculada/o e o informe técnico do Servizo de Educación municipal.
4. As baixas producidas ao longo do curso escolar, por calquera dos motivos anteriormente expostos, cubriranse coas/os solicitantes que figuren en lista de agarda en cada grupo de idade, por rigorosa orde de puntuación.

#### **DÉCIMO SÉTIMA.- Protección de datos**

Os datos persoais recollidos no formulario normalizado de solicitude de praza, indispensables para a xestión desta convocatoria, incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos da xestión deste procedemento en cumprimento do disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.



## Concello de Vigo

O Concello de Vigo ten a condición de responsable destes datos. A lexitimación do tratamento dos datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas na solicitude de praza na Rede de escolas infantís municipais.

Os datos serán obxecto de cesión ás empresas adjudicatarias da xestión de cada escola, que asumen expresamente as responsabilidades como encargadas do tratamento. Poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do Programa, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

### DÉCIMO OITAVA.- Regulamento xeral

Estas Normas serán de aplicación ao curso 2021-2022. No non recollido nas mesmas estarase ao disposto na lexislación xeral en materia de educación e ao Regulamento xeral da Rede de Escolas Infantís Municipais que, se é o caso, aprobe o Concello de Vigo.

O concelleiro delegado da Área de Educación, en virtude das súas competencias, poderá dictar as resolucións e instrucións oportunas para o correcto desenvolvemento destas Normas.

## ANEXO 1

### OFERTA DE PRAZAS DA REDE DE ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS PARA O CURSO 2021/2022

#### a) Oferta de quendas, liñas e aulas por escola

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL	QUENDA			LIÑAS	AULAS		
	Mañá	Tarde	Continua		0-1	1-2	2-3
Santa Cristina-Lavadores	X	X		1	X	X	X
Atalaia-Teis	X	X		1	X	X	X
Santa Marta-Casco Vello (*)	X	X		1	X		
Bembrive			X	2	X	X	X
Costeira-Saiáns		X	X	1	X	X	X
Bouzas	X	X		1	X	X	X
Tomás Alonso	X	X		1	X	X	X
Mestres Goldar-Castrelos	X	X		1	X	X	X
Navia	X	X		1	X	X	X

(\*) **IMPORTANTE:** A EIM Santa Marta-Casco Vello só oferta para o curso 2021-2022 prazas de novo ingreso para a aula de 0-1; as aulas 1-2 e 2-3 só terán renovación de praza para o alumnado matriculado no curso 2020-2021. Prevese que esta escola se traslade durante o curso escolar ás novas instalacións que se están a preparar no IME (Instituto Municipal de Educación), na Praza da Industria, unha vez rematadas as obras de acondicionamento e obtidas as correspondentes autorizacións por parte da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

No caso de sufrir algún retraso no traslado ás novas instalacións na Praza da Industria o alumnado afectado podería ser temporalmente reubicado noutro centro da Rede de Escolas Infantís Municipais (REIM). A estes efectos reservaranse provisionalmente prazas dentro da REIM.

#### **b) Oferta de horarios por quenda**

- **Quenda de Mañá:**

- Entrada: de 07,30h a 09,00h
- Saída: de 15,30h a 15,45h

Quenda ofertada nas EIMs Sta.Cristina-Lavadores, Santa Marta-Casco Vello, Bouzas, Tomás Alonso, Atalaia-Teis, Mestres Goldar-Castrelos e Navia.

- **Quenda de Tarde:**

- Entrada: ás 16,00h
- Saída: de 19,45h a 20,00h

Quenda ofertada nas EIMs Sta.Cristina-Lavadores, Santa Marta-Casco Vello, Costeira-Saiáns, Bouzas, Tomás Alonso, Atalaia-Teis, Mestres Goldar-Castrelos e Navia.

- **Quenda Continua:**

- Entrada: de 07,30h a 09,00h
- Saída: de 15,30h a 17,00h

Quenda ofertada nas EIMs Costeira-Saiáns e Bembrive.



**Concello de Vigo**

**ANEXO 2**

**DOCUMENTO DE ACEPTACIÓN DE PRAZA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO PARA O CURSO 2021/2022**

Dña .....

D. ....  
na súa calidade de nai e pai ou representantes legais do/a neno/a

.....

Manifestan:

- 1) Que aceptan a praza outorgada polo Concello de Vigo para o curso 2021-2022 na EIM .....  
no Aula ..... quenda ....., de acordo co indicado nas Listas Definitivas de adxudicación de prazas na Rede de escolas infantís municipais para o curso 2021/22. Esta praza dá dereito ao disfrute, por parte do/a menor citado/a neste documento, das prestacións e servizos incluídos nas "*Normas para a adxudicación de prazas e matrícula nas escolas infantís municipais 0-3 (EIM) para o curso 2021-2022*" aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 18 de marzo de 2021.
- 2) Que aceptan o indicado nas citadas Normas e no correspondente Regulamento de Réxime Interno das Escolas Infantís Municipais.
- 3) Que autorizan a que o/a neno/a sexa recollido/a, na escola infantil, polas persoas así autorizadas segundo modelo á súa disposición nas propias escolas infantís municipais, que poderá ser revocado e/ou modificado cando os representantes legais así o decidan.
- 4) Que ..... (si/non) autorizan ao/á neno/a a saír da Escola infantil para participar nas actividades complementarias/extraescolares programadas.
- 5) Que ..... (si/non) autorizan á toma e publicación de imaxes do/a neno/a polos responsables da Escola infantil.
- 6) Que ..... (si/non) autorizan a que ao/á neno/a se lle administre medicación no suposto de que sexa imprescindible e conte coa perceptiva prescripción facultativa na que conste as horas de administración e a dose correspondente.

Vigo, a ..... de ..... de 2021

Asdo:.....

Asdo:.....

## ANEXO 2 (BIS)

### DOCUMENTO DE ACEPTACIÓN DE PRAZA NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SANTA MARTA-CASCO VELLO PARA O CURSO 2021/2022

Dna .....

D. ....  
na súa calidade de nai e pai ou representantes legais do/a neno/a

.....

Manifestan:

- 1) Que aceptan a praza outorgada polo Concello de Vigo para o curso 2021-2022 na EIM .....  
no Aula ..... quenda ....., de acordo co indicado nas Listas Definitivas de adxudicación de prazas na Rede de escolas infantís municipais para o curso 2021/2022. Esta praza dá dereito ao disfrute, por parte do/a menor citado/a neste documento, das prestacións e servizos incluídos nas "*Normas para a adxudicación de prazas e matrícula nas escolas infantís municipais 0-3 (EIM) para o curso 2021-2022*" aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 18 de marzo de 2021.
- 2) Que aceptan o indicado nas citadas Normas e no correspondente Regulamento de Réxime Interno das Escolas Infantís Municipais.
- 3) Que autorizan a que o/a neno/a sexa recollido/a, na escola infantil, polas persoas así autorizadas segundo modelo á súa disposición nas propias escolas infantís municipais, que poderá ser revocado e/ou modificado cando os representantes legais así o decidan.
- 4) Que ..... (si/non) autorizan ao/á neno/a a saír da Escola infantil para participar nas actividades complementarias/extraescolares programadas.
- 5) Que ..... (si/non) autorizan á toma e publicación de imaxes do/a neno/a polos responsables da Escola infantil.
- 6) Que ..... (si/non) autorizan a que ao/á neno/a se lle administre medicación no suposto de que sexa imprescindible e conte coa perceptiva prescripción facultativa na que conste as horas de administración e a dose correspondente.
- 7) Que coñecen e aceptan a posibilidade de trasladarse durante o curso escolar ás novas instalacións que se están a preparar no IME (Instituto Municipal de Educación), na Praza da Industria, así como, no caso de sufrir algún retraso no traslado a estas novas instalacións, o alumnado afectado podería ser temporalmente reubicado noutro centro da Rede de Escolas Infantís Municipais (REIM).

Vigo, a ..... de ..... de 2021

Asdo:.....

Asdo:.....





**Concello de Vigo**

**ANEXO 3**

**NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS (EIM)  
PARA O CURSO 2021/2022**

**BAREMO**

BAREMO DE APLICACIÓN	PUNTOS
<b>SITUACIÓN ECONÓMICA</b> (RPC mensual da unidade familiar referida ao IPREM vixente) <b>(O IPREM ANUAL PARA 2021 É DE 7.908,60 €)</b>	
Inferior ao 30% do IPREM	4
Entre o 30% e o 50% do IPREM	3
Entre o 50% e o 75% do IPREM	2
Entre o 75% e o 100% do IPREM	1
Entre o 100% e o 125% do IPREM	-1
Entre o 125% e o 150% do IPREM	-2
Entre o 150% e o 200% do IPREM	-3
Superior ao 200% do IPREM	-4
<b>SITUACIÓN LABORAL</b> (só se poderá obter puntuación por un dos epígrafes seguintes)	
Situación laboral de ocupación: <ul style="list-style-type: none"><li>• Nai</li><li>• Pai</li></ul> Nas familias monoparentais, esta puntuación asimíllase á formada por dous membros	7 7
Situación laboral de desemprego: <ul style="list-style-type: none"><li>• Nai</li><li>• Pai</li></ul> Nas familias monoparentais, esta puntuación asimíllase á formada por dous membros	2 2
Persoas que desenvolvan e perciban o tramo de inserción (Risga) <ul style="list-style-type: none"><li>• Nai</li><li>• Pai</li></ul> Nas familias monoparentais, esta puntuación asimíllase á formada por dous membros	3 3
<b>SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR</b>	
Por cada membro da unidade familiar	2
Por cada persoa que, non formando parte da unidade familiar, estea a cargo desta	1
No caso de que a/o nena/o para a/o que se solicita praza nacesse nun parto múltiple	1
Por cada membro da unidade familiar, afectado por discapacidade, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia	2

Por condición de familia monoparental	3
Por condición de familia numerosa	3
Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais	6
Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas:	Ata 3

### **3(216).- MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RPT EN RELACIÓN CO SERVIZO DE FESTAS. EXPTE. 37141/220.**

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 18/03/21, dáse conta do informe-proposta de data 16/03/21, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

**1.-** En escrito asinado polo Concelleiro-Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, de sinatura electrónica 04/01/2021, expónse o seguinte:

*“Na vixente relación de postos de traballo o posto da xefatura de festas está configurado cos seguintes requisitos:*

**POSTO ACTUAL: XEFATURA DO SERVIZO DE FESTAS**

**GRUPO DE TITULACIÓN: A1/A2**

**CD: 26**

**CE: 650**

**TIPO: Singularizado**

**ESCALA: Administración Especial**

**SUBESCALA: Técnica, Clase Superior ou Media**

**TITULACIÓN: 12, 20, 22, 23, 24, 33, 34, 35, 36, 40, 64, 65 e 66.**

**FORMACIÓN ESPECÍFICA: Ningunha**

**RELACIÓN LABORAL: Funcionario/a de carreira.**

**FORMA DE PROVISIÓN: Libre designación.**

**SITUACIÓN DE VACANTE: Vacante.**

*Logo das diversas convocatorias efectuadas para a provisión do dito posto de traballo que ou ben teñen quedado desertas ou ben non teñen acadado unha persoa candidata que cumpra cos requisitos esixidos, SOLICÍTASE que por parte da Área de Recursos Humanos e Formación se practiquen as actuacións procedentes para a configuración do servizo de Festas cas seguintes modificacións a tenor das necesidades detectadas neste servizo:*

**MODIFICACIÓN DO POSTO: XEFATURA DO SERVIZO DE FESTAS**

**GRUPO DE TITULACIÓN: A1/A2**

**CD: 26**

**CE: 650**

**TIPO: Singularizado**

**ESCALA: Administración Especial**



## Concello de Vigo

*SUBESCALA: Técnica, Clase Superior ou Media*  
*TITULACIÓN: 2, 12, 15, 20, 22, 23, 24, 35, 46, 50, 56, 59 64, 65, 66 e 75.*  
*FORMACIÓN ESPECÍFICA: Ningunha*  
*RELACIÓN LABORAL: Funcionario/a de carreira.*  
*FORMA DE PROVISIÓN: Libre designación.*  
*SITUACIÓN DE VACANTE: Vacante.*

### **CREACIÓN DE POSTO: TÉCNICO DE XESTIÓN / TÉCNICO MEDIO.**

*GRUPO DE TITULACIÓN: A2*  
*CD: 26*  
*CE: 650*  
*TIPO: Singularizado*  
*ESCALA: Administración Xeral*  
*SUBESCALA: Técnica, Clase Media*  
*TITULACIÓN: 6, 8, 32, 34, 35, 78, 102.*  
*FORMACIÓN ESPECÍFICA: Ningunha*  
*RELACIÓN LABORAL: Funcionario/a de carreira.*  
*FORMA DE PROVISIÓN: Libre designación.*

**O que se comunica aos efectos oportunos agradecendo de antemán o asesoramento que a tenor da proposta de modificación que se remite, precise de cantas modificacións considere oportunas esa Área de Recursos Humanos e Formación en atención ao seu especial asesoramento técnico na materia.”**

2.- Constan no expediente informes técnicos (trámites 16,28, 38 e 101)

3. Na Mesa Xeral de Negociación en sesión extraordinaria data 12 de marzo de 2021, en canto a modificación da Relación de Postos de Traballo relativas ao servizo de Festas, acórdase informar favorablemente a proposta de modificación puntual da vixente Relación de Postos de traballo do Concello de Vigo respecto aos requisitos de titulación do posto de Codg 269 “Xefe/a Festas” no seguinte senso:

“Ampliar as titulacións previstas nas RPT vixente para dito posto as novas titulacións propostas polo servizo de Festas e recollidas no informe da técnica de avaliación e formación de RR.HH de data 22.02.2021 (trámite 16) e complementario de data 24.02.2021 (trámite 28) obrante no expediente 37141-220.”

4. Consta novo informe técnico que inclúe cadro definitivo, coas titulacións requiridas para desenvolver o posto de xefe/a de Servizo de festas, cos códigos correspondentes.

5. Á vista dos antecedentes expostos, procede a formulación do correspondente informe xurídico-proposta de acordo ao órgano municipal competente.

## **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

### ***I.-As relacións de postos de traballo.-***

O art. 6.1 da Carta Europea de Autonomía Local sinala a necesidade da adecuación das estruturas e dos medios administrativos ós cometidos das entidades locais ó dicir que *“sen prexuízo das disposicións xerais creadas pola Lei, as entidades locais deben poder definir por sí mesmas as estruturas administrativas internas coas que pretenda dotarse, co obxecto de adaptalas ás súas necesidades específicas e ao fin de permitir unha xestión eficaz”*.

De conformidade co art. 90.2 da *Lei 7/1985, d3 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL)*, *“as Corporacións Locais formarán a relación de todos os posto de traballo existentes na súa organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública”*.

Segundo o art. 74 do *RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP)*, *“as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, cando menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos e escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Ditosa instrumentos serán públicos”*.

Pola súa parte, o art. 202.1 da *Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (LEPG)*, dispón que *“as entidades locais deberán elaborar unha relación de postos de traballo que conteña todos os postos de traballo existentes nas mesmas”*.

### ***II.- Procedemento.-***

Dispón o art. 202.2 da LEPG que *“previo cumprimento dos trámites preceptivos que correspondan, será aprobada inicialmente polo órgano da entidade local que resulte competente segundo o establecido pola lexislación de réxime local e sometida a información pública por un prazo non inferior a vinte días. Transcorrido dito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se achegaron reclamacións, suxestión ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións achegadas”*.

### ***III.- Preceptividade da negociación colectiva.-***

De conformidade co art. 37 do TREBEP, o documento da RPT e as súas modificacións deben ser obxecto de negociación. Así o art. 37.1.c) inclúe entre as materias obxecto de negociación *“as normas que fixen os criterios xerais en materia de acceso, carreira, provisión, sistemas de clasificación de postos de traballo e plans e instrumentos de planificación de recursos humanos”*. Pola súa parte, o apartado 2.c) deste precepto incide na necesidade de sometemento a negociación colectiva das decisións das Administracións Públicas que afecten ás potestades de organización cando as consecuencias delas teñan repercusión sobre condicións de traballo dos funcionarios públicos.



## Concello de Vigo

### IV.- Motivación técnica e legal da modificación proposta.-

Solicítase polo Concelleiro-Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas e en base ás circunstancias que constan na solicitude, reproducidas no antecedente I de este informe, a modificación da relación de postos de traballo relativa ao posto de xefatura do servizo de festas.

Segundo se desprende dos informes técnicos que obran no expediente (16, 28 e 38), os cales damos integramente por reproducidos:

*“... Entendese que os requisitos en canto a titulación do posto Codg 269 “Xefe/a Festas deberan ser estar en posesión do título de Graduado/a nas ramas de coñecemento contempladas no Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, de Artes e Humanidades, Ciencias sociais e xurídicas ou na rama de enxeñería e arquitectura, segundo proposta do servizo, debendo posuír formación nalgún dos ámbitos que se indican: filosofía e ciencias da educación, publicidade e relacións públicas, belas artes, antropoloxía social e cultural, pedagogía, socioloxía, xestión e administración pública, enxeñeiro industrial, enxeñeiro de organización, enxeñeiro técnico industrial ou arquitecto. A xuízo da técnica que subscribe cumpriría engadir a formación en Historia da Arte (25), Psicopedagogía (26), Xeografía e Historia, (76)*

*Ao tratarse dun posto definido para os subgrupos A1/A2, a mais dos correspondentes títulos de grado, sería título habilitante para acceso ao subgrupo A2 o certificado que acredite os tres primeiros cursos dunha licenciatura ou primeiro ciclo, sempre e cando poida encadrarse dentro das áreas de coñecemento anteriormente citadas e contenga unha carga lectiva mínima de 180 créditos, referido sempre a estudos no regulados polo Plan Bolonia, polo cal incluíríanse os códigos 40, 42, 59 e 67.”*

Solicitada ampliación de informe, sobre os seguintes puntos:

“1.- Pronunciamento sobre a solicitude de creación do posto de técnico de xestión/técnico medio.

2.- Motivación sobre da oportunidade de engadir as titulacións en Historia da Arte (25), Psicopedagogía (26), Xeografía e Historia, (76).

3.- Indicar cadro conxunto e definitivo coas titulacións requiridas para desenvolver o posto de xefe/a de Servizo de festas, cos códigos correspondentes.”

Informáse

“1.- Con respecto ao primeiro punto:

*A creación dun posto de técnico de xestión/técnico medio na unidade organizativa de Festas supón, ou ben a readscripción dun dos postos xa existentes na actual RPT ou ben a correspondente creación dunha nova praza e a adscripción do posto asociada a este a dita unidade.*

*Na actualidade figuran no cadro de persoal municipal correspondente ao presente exercicio 2021 un total de 13 prazas de técnico de xestión, asociadas a diferentes postos e en distintos servizos.*

*Dos 13 postos atópanse vacantes 4, estando asociadas todas elas a postos de técnicos de xestión, 3 delas no servizo de Desenvolvemento local e Emprego e un deles readscrito con posterioridade a aprobación definitiva do orzamento 2021, a Asesoría Xurídica, proveniente do Gabinete da Alcaldía.*

*De todos os xeitos, no caso de así considerarse, os cadros de persoal poderán ser modificadas/ampliadas nos seguintes supostos:*

*1.- Cando o incremento do gasto quede compensado mediante a redución doutras unidades*

*2.- Sempre que o incremento de dotacións sexa consecuencia do establecemento ou ampliación de servizos de carácter obrigatorio que resulten impostos por disposicións legais.*

*A modificación das plantillas durante a vixencia do orzamento requerirá o cumprimento dos tramites establecidos para a modificación daquel.*

*A terceira vía sería a creación do posto de técnico de xestión/técnico medio, toda vez que estase a tratar dunha praza e o seu correspondente posto, o cal deberá estudarse na confección do capítulo I de orzamentos para o vindeiro ano.*

*2.- En relación ao segundo:*

*As titulacións propostas polo servizo encádranse nas ramas de coñecemento nas que se clasifican os estudos de grado, de “Artes e Humanidades”, “Ciencias sociais e Xurídicas” e “Enxeñería e arquitectura.”*

*Os grados comprendidos en cada unha destas areas teñen como seña de identidade un conxunto de materias básicas que, no caso das Artes e Humanidades son de xeito non exhaustivo, Antropoloxía, Arte, Filosofía, Xeografía, Historia e Socioloxía.*

*No caso da area de Ciencias sociais e xurídicas as materias de coñecemento principais son Ciencia Política, Economía, Educación, Psicoloxía e Socioloxía, entre outras.”*

*O cadro definitivo, consta no último informe, logo de que na Mesa Xeral de Negociación en sesión extraordinaria data 12 de marzo de 2021, en canto a modificación da Relación de Postos de Traballo relativas ao servizo de Festas, acórdase informar favorablemente á proposta de modificación puntual da vixente Relación de Postos de traballo do Concello de Vigo respecto aos requisitos de titulación do posto de Codg 269 “Xefe/a Festas” no seguinte senso:*

*“Ampliar as titulacións previstas nas RPT vixente para dito posto as novas titulacións propostas polo servizo de Festas e recollidas no informe da técnica de avaliación e formación de RR.HH de data 22.02.2021 (trámite 16) e complementario de data 24.02.2021 (trámite 28) obrante no expediente 37141-220.”*



## Concello de Vigo

Deste xeito, os requisitos en canto a titulación do posto Codg 269 “Xefe/a Festas, toda vez que deberán estar en posesión do título de Graduado/a nas ramas de coñecemento contempladas no Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, de Artes e Humanidades, Ciencias sociais e xurídicas ou na rama de enxeñería e arquitectura, segundo proposta do servizo, debendo posuír formación nalgún dos ámbitos que se indican:

Codg.	Titulación
12.-	Grado en en filosofía e ciencias da educación.
15.-	Grado en en publicidade e relacións públicas.
20.-	Grado en en belas artes.
22.-	Grado en en antropoloxía social e cultural.
23.-	Grado en en pedagogía.
24.-	Grado en en socioloxía.
25.-	Grado en en historia da arte.
26.-	Grado en en psicopedagogía.
33.-	Primer ciclo licenciatura en dereito.
34.-	Diplomado en relacións laborais.
35.-	Diplomado en xestión e administración pública.
36.-	Diplomado en traballo social.
40.-	Diplomado en filosofía.
42.-	Diplomado en arquitectura.
46.-	Enxeñeiro industrial.
50.-	Enxeñeiro en organización industrial.
56.-	Enxeñeiro técnico industrial.
59.-	Diplomado en publicidade e relacións públicas.
64.-	Diplomado en belas artes.
65.-	Diplomado en antropoloxía social e cultural.
66.-	Diplomado en pedagogía.
67.-	Diplomado en psicopedagogía.
75.-	Arquitecto superior.
76.-	Grado en en xeografía e historia ou Grado en en historia

### **V.- Sometemento á preceptiva fiscalización previa do expediente.-**

Será preceptiva a fiscalización previa de gasto conforme ó establecido no RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (art. 214) dado que a pesares da ausencia de contido económico da presente proposta, a mesma propón a reasignación de estruturas a áreas de gasto diferentes, que deberán ser tidas en conta a efectos da xestión económica e orzamentaria.

## **VI.- Competencia.-**

O art. 4.1.a) e c) da LBRL recoñécelle ó municipios, entre outras, respectivamente, as potestades públicas de autoorganización e as de programación e planificación.

O órgano competente para a aprobación da RPT e, polo tanto, das súas modificacións, é a Xunta de Goberno local, ao abeiro do artigo 127.1., apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

## **VII.- Procedemento e informes preceptivos.-**

Segundo se recolle no Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se aproba o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional (artigo 3.3, punto 6º, número 4) e polo que respecta ao exercicio da función reservada de asesoramento legal preceptivo, que:

*“d) En todo caso se emitirá informe previo en los siguientes supuestos:*

*6.º Aprobación y modificación de relaciones de puestos de trabajo y catálogos de personal.*

*4. La emisión del informe del Secretario podrá consistir en una nota de conformidad en relación con los informes que hayan sido emitidos por los servicios del propio Ayuntamiento y que figuren como informes jurídicos en el expediente.”*

Por tanto, e a salvo de mellor criterio fundado en Dereito, estímase preceptivo o informe/conformidade da Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal segundo o contemplado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, para os concellos con réxime de gran poboación.

Visto o anteriormente exposto, no exercicio das competencias que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostenta por delegación efectuada en Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015 e 30/12/201 , así como aquelas que en materia de xestión de persoal ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local segundo acordos da mesmas datas, sométese á consideración da mesma a seguinte

### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**“PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a modificación puntual da vixente Relación de Postos de traballo do Concello de Vigo, nos termos expostos nos informes que anteceden incorporados ao expediente electrónico 37141/220 e dos preceptivos informes, así como da negociación colectiva celebrada segundo acta incorporada ao expediente, concretada nas modificacións seguintes:

Modificación relativa ao posto de Codg 269 “Xefe/a Festas”, en canto aos requisitos de titulación do posto, debendo posuír formación nalgún dos ámbitos que se indican:





## Concello de Vigo

Codg.	Titulación
12.-	Grado en en filosofía e ciencias da educación.
15.-	Grado en en publicidade e relacións públicas.
20.-	Grado en en belas artes.
22.-	Grado en en antropoloxía social e cultural.
23.-	Grado en en pedagogía.
24.-	Grado en en socioloxía.
25.-	Grado en en historia da arte.
26.-	Grado en en psicopedagogía.
33.-	Primer ciclo licenciatura en dereito.
34.-	Diplomado en relacións laborais.
35.-	Diplomado en xestión e administración pública.
36.-	Diplomado en traballo social.
40.-	Diplomado en filosofía.
42.-	Diplomado en arquitectura.
46.-	Enxeñeiro industrial.
50.-	Enxeñeiro en organización industrial.
56.-	Enxeñeiro técnico industrial.
59.-	Diplomado en publicidade e relacións públicas.
64.-	Diplomado en belas artes.
65.-	Diplomado en antropoloxía social e cultural.
66.-	Diplomado en pedagogía.
67.-	Diplomado en psicopedagogía.
75.-	Arquitecto superior.
76.-	Grado en en xeografía e historia ou Grado en en historia

**SEGUNDO.-** Someter, en cumprimento do disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, o presente expediente a información pública por un prazo de 20 días a efectos de presentación de reclamacións, suxestión ou alegacións, contados dende o día seguinte a data de publicación do correspondente anuncio no BOP, transcorrido o cal a aprobación se elevará a definitiva de non achegarse reclamacións, ordenando a conseguinte publicación no BOP.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo á Secretaría Xeral (Pleno, Goberno Local e Administración Municipal), Concellerías-delegadas e Xefatura de Festas, e Intervención Xeral Municipal para o seu coñecemento e efectos oportunos

Contra o acordo de aprobación definitiva da modificación puntual da RPT que pon fin a vía administrativa, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC), poderase interpoñer **recurso de reposición** perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da publicación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se interpón o

primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e corenta minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Abel Losada Álvarez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez